



## Guía Docente

Datos Identificativos					2012/13
Asignatura (*)	Psicopatoloxía da linguaxe e trastornos no desenvolvemento da linguaxe e a comunicación			Código	652498001
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	6	
Idioma	Castelán				
Prerrequisitos					
Departamento	PsicologíaPsicología Evolutiva e da Educación				
Coordinación	Fernandez Mendez, Juan CarlosPérez Pereira, Miguel	Correo electrónico	juan.carlos.fernandez.mendez@udc.esmiguel.perez.pereira@usc.es		
Profesorado	Fernandez Mendez, Juan CarlosPérez Pereira, Miguel	Correo electrónico	juan.carlos.fernandez.mendez@udc.esmiguel.perez.pereira@usc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>Los objetivos de esta materia se pueden resumir en los siguientes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Situar las dificultades del desarrollo del lenguaje en un marco psicolingüístico y evolutivo más amplio.</li> <li>- Proporcionar un conocimiento de las principales características de los diferentes trastornos del desarrollo del lenguaje en los niños.</li> <li>- Comprender o significado disciplinar da psicopatoloxía no contexto curricular da logopedia.</li> <li>- Adquirir e dominar os elementos terminolóxicos e os recursos instrumentais precisos para o recoñecemento, descrición e explicación dos principais trastornos psicolóxicos que cursan con alteracións da linguaxe e comunicación.</li> <li>- Promover actitudes de solidariedade, respecto e apoio cara ás persoas con trastornos psicolóxicos.</li> <li>- Desenvolver actitudes de sensibilización cara ao traballo en equipo</li> </ul>				

## Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación

## Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
<p><b>XERAIS DA MATERIA</b></p> <p>Poden describir coherentemente as bases biolóxicas, anatómicas e neuropsicolóxicas dos problemas da linguaxe e a comunicación.</p> <p>Poden informar sobre a clasificación, a terminoloxía e a descrición dos trastornos da linguaxe e a comunicación.</p> <p>Son capaces de recoñecer e discriminar entre a variedade das alteracións: os trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe, trastorno específico da linguaxe, atrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociadas a déficit auditivas e visuais, o déficit de atención, os trastornos do espectro autista, os trastornos específicos da linguaxe escrita; as dificultades de lectura; os trastornos da fluidez do fala; as disartrias; as disfonías; as alteracións da linguaxe no envellecemento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo selectivo e as inhibicións da linguaxe.</p> <p>Poden describir as funcións da Intervención na área da linguaxe e a comunicación: prevención, educación, reeducación, rehabilitación e tratamento.</p>	AP4 AP5	BP2	CP1

## Contidos

Temas	Subtemas



<p>Profesor Miguel Pérez Pereira</p> <p>1. Trastornos no desenvolvemento da linguaxe asociados a outros trastornos:</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Trastornos da linguaxe no atraso mental: Síndrome de Down, Síndrome de Williams, X fráxil.</li> <li>- Trastornos da linguaxe na deficiencia auditiva</li> <li>- Trastornos da linguaxe na deficiencia visual</li> <li>- Trastornos da linguaxe nos trastornos do espectro autista (TEA)</li> <li>- Trastornos da linguaxe en nenos prematuros.</li> </ul>
<p>2. Trastorno fonolóxico-Dislalia.</p>	
<p>Profesor Juan Carlos Fernández</p> <p>3. Tartamudez.</p>	<p>Aspectos conceptuais.</p> <p>Incidencia e prevalencia.</p> <p>Factores relacionados coa orixe e mantemento da tartamudez.</p>
<p>4. Trastorno específico da linguaxe (TEL).</p>	<p>Definición e concepto.</p> <p>Clasificacións do TEL.</p> <p>Características clínicas das diferentes categorías.</p>
<p>5. Trastorno por déficit de atención e hiperactividade.</p>	<p>Evolución do concepto</p> <p>Definición e manifestacións clínicas</p> <p>Etioloxía</p> <p>Epidemioloxía</p>
<p>6. Trastornos do espectro autista</p>	<p>Breve recensión histórica do autismo</p> <p>Definición do concepto</p> <p>Los trastornos xeneralizados do desenvolvemento</p> <p>Modelos etiolóxicos</p>
<p>7. Mutismo selectivo</p>	<p>Que é o mutismo selectivo?</p> <p>Delimitación actual e manifestacións clínicas</p> <p>Etioloxía</p>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	16	20	36
Lecturas	6	20	26
Portafolios do alumno	0	22	22
Traballos tutelados	1	15	16
Estudo de casos	16	20	36
Proba obxectiva	1	10	11
Atención personalizada	3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	<p>Esquema xeral dunha sesión de tres horas tipo:</p> <p>Sección teórica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. por parte do profesor/a, 2. - Lectura comentada dun texto seleccionado (30 mins), 3. - Contestación individual a un cuestionario.</p> <p>Sección práctica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. a cargo do profesor/a, 2. - Cuestionario en grupo sobre a presentación (30 minutos), 3. - Exposición e discusión sobre as respostas de cada grupo.</p> <p>No caso da sesión maxistral o profesorado presentará os contidos do tema apoiándose nunha presentación power point. A sesión maxistral utilizarase tanto para a introdución teórica do tema coma para a presentación dos casos ou as prácticas que estean planificadas. Cada materia desenvólvese en sesións de tres horas, polo que a sesión maxistral pode abranguer ao redor dunha hora por sesión: media hora para a introdución teórica e media hora para a presentación das prácticas. O profesorado poderá variar esta distribución compensándoa sempre co resto das metodoloxías para non aumentar a carga ECTS da materia</p>
Lecturas	Cada sesión de clase de tres horas contén un tempo dedicado á lectura comentada dun texto relacionado coa exposición do profesor. A duración prevista será duns 30 minutos por sesión de tres horas.
Portafolios do alumno	En cada sesión de clase o estudante deberá contestar a un cuestionario individual sobre a lectura realizada e un en grupo relacionado cos casos analizados ou as prácticas realizadas. Estes cuestionarios, ademais das presentacións power point correspondentes a cada clase deberá ser incluído no seu portafolios. Nel recollerán igualmente cantos comentarios, reflexións ou actividades realícense durante o curso.
Traballos tutelados	<p>Os estudantes non realizarán por cuadrimestre máis dun traballo tutelado. Este computará en todas as materias nas que estea matriculado posto que deberá contemplar as diferentes dimensións tratadas nelas. Todos os profesores/ás implicados actuarán como tutores, se ben será o coordinador da titulación quen lle asigne un tutor responsable. A relación de estudantes e tutores responsables comunicárase a todo o profesorado. Finalizado o traballo todos os tutores farán unha valoración (previamente protocolizada para simplificala) que remitirán ao tutor responsable quen cualificará o traballo.</p> <p>Dado que en segundo cuadrimestre se acumulan materias, practicum e traballo fin de máster, os estudantes, coa orientación do seu tutor e o acordo dos seus profesores poderán abordar un mesmo tema con tres perspectivas. Unha académica para responder á adquisición das competencias fixadas nas materias do plan de estudos. Outra profesional, para responder aos obxectivos do practicum. Unha última investigadora, onde a través da presentación dun proxecto de investigación poderán cumprir os obxectivos do traballo fin de máster. Pódese considerar, polo tanto, como un traballo único con tres partes e tres tutores diferentes. Cada un recibirá o traballo completo, se ben cualificará a súa parte dando lugar a tres cualificacións independentes. O traballo deberá estar formalmente dividido en tres partes independentes, posto que a parte académica debe ser valorada tamén polo profesorado do segundo cuadrimestre</p>
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Proba obxectiva	Ao finalizar cada cuadrimestre os estudantes realizarán unha proba de avaliación única. Esta proba terá o formato de proba obxectiva e nela avaliaranse conxuntamente todas as materias. Para configurar a proba e dispor dun arsenal potencial, o profesorado remitirá 5 preguntas por crédito impartido nunha materia. Aos estudantes entregaráselles un cuestionario onde figurarán identificadas as materias coas preguntas que lles corresponden e contestarán só a aquelas nas que estean matriculados. A cualificación obtida en cada materia será remitida ao profesor/a correspondente para que a inclúa na avaliación do estudante. Quen suspendan unha materia recibirán indicacións do seu profesor/a para a súa recuperación.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	

### Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva		30



Sesión maxistral		10
Lecturas		10
Portafolios do alumno		30
Traballos tutelados		10
Estudo de casos		10

### Observacións avaliación

A avaliación realizarase de forma individualizada en cada unha das materias do máster.&nbsp;A avaliación será continua e incluíra unha valoración cuantitativa do rendemento de cada estudante en cada actividade realizada (incluídas as probas de exame que se poidan programar). Estas actividades serán recollidas polos estudantes nun portafolios por materia. Nel os estudantes recollerán todos os esquemas, presentacións, traballos realizados, lecturas, prácticas, cuestionarios contestados, etc. Este portafolios estará dispoñible sempre que o profesorado queira supervisalo e, en todo caso, será entregado ao finalizar as clases presenciais da materia para a súa supervisión e cualificación. Cada profesor avaliará as actividades realizadas, segundo as metodoloxías docentes empregadas, en os créditos que teñen asignados. A cualificación na materia será o resultado da media das cualificacións dos profesores que a imparten. A cualificación de cada profesor será ponderada segundo o número de créditos que imparte. No caso de utilizar probas puntuais de exame (proba obxectiva, preguntas tipo tema, etc.) a súa cualificación considerárase como parte do portafolios da materia, sen que o seu peso poida superar o 50% da nota total asignada ao portafolios. O resto da cualificación virá determinada polos criterios seguintes: Asistencia a clase (por enriba do 80%): 10% Realización de lecturas e traballos tutelados: 30% Nivel de rendemento madurez demostrada en actividades prácticas e tutorías:10%

### Fontes de información

Bibliografía básica
Bibliografía complementaria

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

### Observacións

Os alumnos deberán coñecer os fitos máis importantes do desenvolvemento da linguaxe en nenos con desenvolvemento típico previamente. Os alumnos deberán coñecer os procesos psicolingüísticos de comprensión e produción da linguaxe con anterioridade.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías